TM

WOMEN'S TERRAIN COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES

Women-friendly

Espazo libre de violencia machista

tm.santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE

ACTO DE PRESENTACIÓN

7 de xuño, ás 19:00 h.
Museo do Pobo Galego

TTM

WOMEN'S TERRAIN
COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE
SANTIAGO

1] O PROXECTO.

2] ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES.

3] AXENTES SOCIAIS COLABORADORES.

4] ACTO DE PRESENTACIÓN.

[1] O PROXECTO

O proxecto **Compostela, Territorio das Mulleres,** impulsado pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo do Concello de Santiago, ten como finalidade implicar á cidadanía na construción dun modelo de cidade máis amigable para e coas mulleres.

As cidades son espazos de convivencia, de tránsito de persoas, de experiencias vitais, de traballo, de lecer, de aprendizaxes... Son lugares onde converxen realidades e necesidades diversas, o urbano e o rural, pero tamén territorios onde se xeran desigualdades no acceso aos recursos, no acceso aos servizos, no goce dos dereitos sociais, económicos e culturais, e onde a fenda de xénero as atravesa todas. As cidades son o que son as persoas que as habitan, que as visitan, que van e veñen, que ocupan os espazos privados e, sobre todo, **as cidades son o que son as persoas que fan os espazos públicos**. É por iso que a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo pon en marcha este proxecto, implicando aos sectores sociais e económicos de Compostela na construción da cidade que queremos: **máis accesible, máis inclusiva e máis igualitaria, porque unha cidade pensada para as mulleres é unha cidade mellor para toda a cidadanía.**

O obxectivo deste proxecto é, por unha banda, habilitar un espazo de confluencia (http://**tm.santiagodecompostela.gal**) para os recursos que están traballando a prol da igualdade de xénero na cidade, en diferentes ámbitos, que lles dea maior visibilidade e accesibilidade e, por outra, implicar aos axentes sociais e ao sector económico co fin de crear un mapa de recursos, lugares e equipamentos que axuden a construír unha cidade igualitaria e amigable coas mulleres. Ao mesmo tempo, o mapa servirá para explorar unha dimensión turística orientada a facer de Compostela unha cidade women friendly, cuxo selo axudará na consolidación da capital galega como destino turístico.

Dada a importancia dos sectores da hostalería e o turismo no desenvolvemento económico e social da cidade e a súa capacidade de influencia, tanto na veciñanza como nas persoas que nos visitan, gustaríanos que ámbolos dous fosen un axente motor no proceso de creación de **Compostela, territorio das mulleres**. É por iso que comezamos convidando aos hoteis, hostais, restaurantes e oficinas de turismo de Santiago a valorar que contidos, relacionados co fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, poderían incorporar nas súas prácticas e espazos a través dunha carta enviada a finais de febreiro, tomando como referencia as bases de datos de TurGalicia e Turismo de Santiago. Do mesmo xeito, procurouse un contacto activo coas diferentes asociacións representativas do sector en Compostela.

Aos establecementos que amosaron interese en participar no proxecto remitíuselles un formulario para recoller información directa sobre os equipamentos e a perspectiva de xénero na súa xestión; datos que serviron para unha diagnose inicial, dada a diversidade de establecementos, e para a formulación dos compromisos. O seguinte paso foi contactar persoalmente coas encargadas ou encargados a través de entrevistas para presentarlles os materiais do proxecto e os compromisos que é preciso asumir para ser establecemento colaborador de TM e contar co distintivo *Women Friendly*. Mais este proceso é aberto, e todos os establecementos que o desexen poden ir incorporándose a 'Compostela, territorio das mulleres', en calquera momento (contactar en http://tm.santiagodecompostela.gal).

A metodoloxía de traballo foi formulada en colaboración cun grupo de traballo multidisciplinar formado por Uqui Permui (responsable do deseño e da creación

do proxecto), Lucia Canoura (responsable da coordinación técnica), Encarna Otero (historiadora), Patricia Porto (educadora social e libreira), Yolanda Ferro (directora-xerente en funcións de Turismo de Santiago), María Novas (arquitecta) e Rita Sobrado (hostaleira e secretaria da Asociación Hostelería Compostela Sección Hospedaxe). As funcións do grupo foron poñer en común criterios de selección, formulación de compromisos, mapeo colectivo etc. tanto dos establecementos como do conxunto de recursos do mapa.

DECÁLOGO DE COMPROMISOS PARA OS ESTABLECEMENTOS, HOTEIS, PENSIÓNS, CAFÉS, BARES, RESTAURANTES E LOCAIS

[1] Promover que o establecemento sexa un espazo accesible, integrador, seguro e agradable para as mulleres.

[2] Facer un uso inclusivo da linguaxe, non discriminatorio cara as mulleres nos diferentes soportes: cartas, menús, publicidade, redes sociais, páxina web, documentos de xestión etc.

[3] Respectar os dereitos laborais das mulleres que traballan no establecemento e promover a igualdade de oportunidades cos seus compañeiros no desenvolvemento profesional a través da promoción e o recoñecemento laboral, da equiparación de salarios, da facilidade de medidas de conciliación etc.

[4] Rexeitar rotundamente a violencia de xénero a través da posta en marcha de medidas para a súa prevención e denuncia así como facer do establecemento un espazo de protección e seguridade ante as agresións machistas.

[5] Respectar e defender a diversidade sexual das persoas usuarias do establecemento.

[6] Desenvolver ao longo do ano un mínimo de tres accións de visibilización, recoñecemento e posta en valor das achegas das mulleres en diferentes ámbitos: cultural, gastronómico, social, político, económico, científico etc.

[7] Facer difusión, no establecemento, redes sociais, webs e outros soportes, dos materiais de promoción do proxecto Compostela, territorio das mulleres.

[8] Poñer a disposición das persoas usuarias un Libro de Visitas para a recollida de información sobre as súas experiencias no establecemento relacionadas con Compostela, territorio das mulleres.

[9] Atender as recomendacións de boas prácticas realizadas por Compostela, territorio das mulleres.

[10] Atender os requirimentos de Compostela, territorio das mulleres relacionados co incumprimento deste decálogo.

[2] ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Son 20 os establecementos que asinaron o decálogo de compromisos e xa se incorporaron ao proxecto, sinatura que será pública na plataforma web.

1] Café de Altamira	11] Hotel Pazo de Altamira
2] Café Literarios	12] Hotel Real
3] Café Xardín Costa Vella	13] Hotel Rúa Villar
4] Cambalache Santiago	14] Hotel San Miguel
5] Fogar Natural Apartamentos Turísticos	15] La Flor
6] Hotel AC Palacio del Carmen	16] O Celme do Caracol
7] Hotel Altaïr	17] O Curro da Parra
8] Hotel Carrís Casa de la Troya	18] Pensión Mafer
9] Hotel Costa Vella	19] Restaurante A Cuchara do Villar
10] Hotel NH Collection Santiago	20] Restaurante Petiscos

Outros 10 están en proceso de incorporarse.



[3] AXENTES SOCIAIS COLABORADORES

Do mesmo xeito, diversas entidades de mulleres e axentes sociais da cidade que están traballando a prol da igualdade, en diferentes ámbitos, xa se sumaron tamén a "Compostela, Territorio das Mulleres". Na plataforma poderemos consultar información relativa a todos eles.

1. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
2. Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
3. Comisión Igualdade Consello da Cultura Galega
4. Grupo de Traballo Fiadeiras.
5. Lésbicas Creando
6. Libraría Lila de Lilith
7. Mulheres Nacionalistas Galegas
8. Oficina Central de Turismo de Santiago
9. Oficina de Igualdade de Xénero USC
10. Plataforma Feminista Galega
11. Revista Andaina
12. Woman Emprende USC

Este listaxe irase actualizando progresivamente, posto que hai mais entidades e axentes que amosaron o seu interese polo proxecto, pero aínda non nos enviaron a información explicativa sobre as súas características básicas e as actividades que realizan en materia de igualdade.

[4] ACTO DE PRESENTACIÓN

O martes, 7 de xuño, ás 19:00h, no Museo do Pobo Galego, terá lugar o acto de presentación de "**Compostela, Territorio das Mulleres**", coa seguinte programación:

- Benvida e presentación do proxecto a cargo de **Marta Lois**, concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo.

- Presentación da plataforma web e de diversos videos de persoas que apoian o proxecto a cargo de **Uqui Permui**, directora artística do proxecto e deseñadora da plataforma.

- Intervención de **Esteban Iglesias**, director do NH Collection Santiago e Presidente de Unión Hotelera.

- Intervención de **Rita Sobrado**, xerente do Hotel Real e da Pensión Mafer e Secretaria da Asociación Hostelería Compostela Sección Hospedaxe.

- Peche do acto a cargo de **Martiño Noriega.**

Ao final do acto servirase un cóctel, ambientado musicalmente por **Alba Triunvirato DJ.**